

*Telefóno do neno*



**1 1 2**



CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN  
DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Dirección Xeral de Familia

Des. Legu e Sarralde



**Maltrato**

*Telefóno do neno*



**1 1 2**

**Xunta de Galicia**

O **112** é unha liña telefónica gratuíta que desde 1994 funciona durante todo o ano, as 24 horas do día.

O **112** é o **TELEFONO DO NENO** ou, o que é o mesmo, o teléfono que tódolos nenos e nenas de Galicia podedes utilizar gratuitamente para pedir axuda e consello cando outra persoa - un descoñecido, un veciño, un familiar, un amigo da familia - estea a tratarvos mal.

Tamén os maiores poden chamar ó **112** cando saiban dalgún neno ou nena que está a ser maltratado ou mesmo cando desconfían de que algunha cousa mala lles pode pasar.

Se tedes que chamar ó voso teléfono, o **112**, atoparedes sempre unha persoa, un profesional que coñece ben ós nenos e ás nenas, que se poñerá á vosa disposición e que, se é preciso, avisará ós seus compañeiros para que se acheguen onda vós para vos protexer da persoa que vos maltrata.

¿Un consello? Aí vai:

Non permitades nunca que ninguén - ¡ninguén! - vos maltrate ou vos obrigue a participar en actividades sexuais.

Ningunha persoa, da familia ou allea, debería ter por norma despreziarvos ou insultarvos.

Tampouco hai dereito a que un neno sexa abandonado polos seus pais ou que sexa obrigado a traballar como un adulto e non poida ir á escola.

Non hai persoa no mundo que teña dereito a maltratar a un neno. Non deixes que a ti che pase. **O TELÉFONO DO NENO, o 112**, liña gratuíta é un amigo con experiencia nestes casos: Sabe como axudarche.



**1 1 2**